

A emerxencia da figura do rei de Galiza na literatura francesa

O *Roman de Ponthus* á luz das *Crónicas* de Froissart

HENRIQUE HARGUINDEY BANET

A Anxo Fernández Ocampo, esperando o seu Ponthus enteiro.

A presenza na literatura francesa do personaxe do *roi de Galice* —ou *prince/princesse*, fillo ou filla do rei, ao cabo— resulta sorprendente. Non é que esta presenza sexa abundosa, mais a sinxela constatación e reiteración no tempo resulta unha importante novidade, maiormente tendo en conta, como contraste, a súa inexistencia na literatura española.

A cadea comeza con forza no século XV co *Roman de Ponthus* para chegar a Victor Hugo co seu *Petit Roi de Galice* no XIX. Polo medio, diversas referencias e alusións. Reconstituamos os elos:

1. O *Roman de Ponthus* narra as aventuras e desventuras de Ponthus, fillo do rei de Galiza, que ten que fuxir do país cando este é invadido polos mouros, que matan na Coruña o rei Thibor, seu pai. Ponthus, acollido e criado polo rei da Bretaña cun grupo de rapaces galegos que escapan en barco, chegará a ser rei de Bretaña e de Galiza, e o seu curmán, Polidés, rei de Inglaterra.

2. No século seguinte, o XVI, o *Orlando Furioso*, de Ludovico Ariosto, volve evocar a figura do rei de Galiza. Naturalmente, resulta manifesto que non se trata dunha obra da literatura francesa, mais é preciso sinalala como un elo da cadea ao constituír a fonte da que se serviu Victor Hugo posteriormente. Neste relato de cabalaría paródico insírese a historia de Isabel, princesa de Galiza e do príncipe Zerbino, fillo do rei de Escocia.

Varios motivos desta historia traen un eco de Ponthus: o vencello entre países célticos, o naufraxio dos barcos na fuxida, a participación dos príncipes na defensa doutros países ante os sarracenos, a traizón do amigo... Pola contra, a novidade de Ariosto é situar esa malfadada historia no contexto das aventuras de Roldán, o cabaleiro de Carlos Magno.

3. No século XVII, na novela *Zaïde*, de Madame de Lafayette, tamén o príncipe de Galiza resulta decapitado por Abderramán ao defender valentemente unha praza sitiada por el.

4. No século XVIII será a princesa Leonora a protagonista dunha historia que Eustache Le Noble sitúa na Navarra medieval: *Dona Léonora, princesse de Galice*.

5. Finalmente, no XIX, Victor Hugo publica dentro de *La Légende des siècles* o poema en nove partes —como nove cadros teatrais— *Le Petit Roi de Galice*. A fonte evidente é o *Orlando Furioso*, do que proceden numerosos detalles coincidentes. *Le Petit Roi* conta a liberación de Nuno, un ficticio fillo e sucesor de García de Galiza, raptado polos seus tíos despois de asinaren o rei. Nuno é liberado por Roldán, que o fai regresar san e salvo a Compostela.

Sorprende que a emerxencia do *roi de Galice* se faga con tanta forza a través de *Ponthus*. Non se trata dun simple personaxe senón do heroe central dun relato de cabalaría que o presenta como un dos grandes paladíns das cancións de xesta. Ponthus resulta ser o aglutinante dos reinos da

Henrique Harguindey Banet é catedrático de Francés.

Traduciu ao galego unha trintena de obras dos máis importantes escritores francófonos.

En 'La Galice', dez séculos de olladas francesas recolle testemuñas desa orixe sobre o noso país ao longo do tempo.

familia céltica e modelo de cabaleiros e gobernantes para a nobreza europea.

O *Roman* espállase rapidamente, a partir da súa composición, que se supón no final do século XIV ou comezo do XV¹. Numerosos manuscritos e edicións difunden a obra, que axiña é traducida do francés para o inglés, o alemán, o neerlandés... E a súa popularidade será grande: a título de exemplo diremos que entre finais do século XV e finais do XVIII conséntanse vinte e dúas edicións en alemán.

Realmente, *Ponthus* é un *remake* dunha obra anterior, do século XII, o *Roman de Horn*, ao que lle mudan os personaxes, pasando Horn a converterse no príncipe galego Ponthus.

Mais: por que escoller un príncipe galego? Por que ese sorprendente protagonismo dun país que de feito non era independente?

É difícil non pensarmos que a aposta por un personaxe tal, nun país alleo, debería estar asentada nunha proximidade que contribuíse á súa difusión, a orixe do heroe debería, logo, resultar familiar ao seu público para mellor suscitar o interese deste.

Aquí é onde nos son ben útiles as crónicas do historiador Jean Froissart², escritas ao longo do século XIV. Elas fornécennos abundantes datos que son claves para entendermos as relacións no decorrer histórico entre Galiza e Bretaña e entre Galiza e Inglaterra coa súa plasmación no *Roman de Ponthus*³.

De Froissart como historiador convén destacar varias cousas: a) a rica e variada documentación que manexou, b) o coñecemento directo das fontes a través das súas numerosas viaxes e o contacto persoal con moitos dos protagonistas, c) a preocupación por escoitar a versión de cada un dos bandos enfrontados, d) o coidado en distinguir o comprobado do ouvido contar. As súas



Ricardo II de Inglaterra co seu tío Xoán de Gante, duque de Lancaster

1. *Le Roman de Ponthus et Sidoine*. Édition critique de Marie-Claude de Crécy. Genève, Droz, 1997.

2. Citámolas pola edición do barón Kervyn de Lettenhove, dixitalizada na biblioteca electrónica Gallica da Biblioteca Nacional de Francia [gallica.bnf.fr]: *Oeuvres de Froissart publiées avec les variantes des divers manuscrits par M. Le baron Kervyn de Lettenhove. Chroniques*. 25 tomos. Reimpression da edición de 1867-1877. Biblio Verlag. Osnabrück, 1967.

3. Agradézolle a Anselmo López Carreira a lectura previa deste artigo e as súas acaídas observacións.

voluminosas crónicas que abranguen practicamente todo o século XIV, tiveron unha gran difusión. A súa visión resulta, con todo, unha gabanza da nobreza e da súa mentalidade e vida —principalmente a través dos seus sucesivos protectores—, o que as fai considerar como un relato histórico impregnado de libros de cabalaría.

A presenza de guerreiros franceses e bretóns en Galiza durante o século XIV

En 1360, o tratado de Brétigny supón unha tregua na guerra entre Francia e Inglaterra, a Guerra dos Cen Anos, mais moitos dos que nela participaron nos dous bandos deciden seguir vivindo da pillaxe e organizanse nun exército; son as “Grandes Compañías” que asolarán todo o territorio da actual Francia e ameazarán o mesmo imperio do papa de Aviñón, quen lanza contra delas unha cruzada⁴.

A realidade é que nas guerras que entón se dan (entre Francia, Borgoña e Navarra, principalmente, e despois novamente entre Francia e Inglaterra) segue sendo moi importante o número de mercenarios. Nobres e xentes do pobo de variadas procedencias xeográficas enfróntanse mesturados nos dous bandos das batallas. Vasalaxe e cobiza, honra e pillaxe tamén están mesturadas.

A presenza de bretóns nestes sucesos é constante. Nela destaca unha figura ao servizo de Francia. Bertrand du Guesclin —Bertrand Claiquin, como foi coñecido en vida— vaise convertendo en líder do bando francés.

En 1365, rematado o período de guerra, as Compañías dos mercenarios chegan a ser tan fortes que o rei de Francia e o papa de Aviñón deciden afastar o perigo desviándoas cara ao reino de Castela para apoiaren a Henrique de Trastámara, irmán bastardo do rei Pedro I o Cruel. O papa excomunga a Pedro, e o rei de Francia e mais o papa pagan o rescate de Du Guesclin —daquela preso— para que sexa o segundo das tropas enviadas a Castela, mandadas por Xoán de Borbón. Nelas intégranse as Compañías⁵.

É por iso que —dentro desa guerra española— numerosos franceses e bretóns desprázanse a vilas e cidades galegas. Froissart dános conta de que:

a) En 1366, ao ser destronado, Pedro foxe a Sevilla, e por consello do nobre galego Fernando de Castro —un dos seus poucos fieis—, embarca para a Coruña, onde chega en compañía da súa

muller e dúas fillas (Constanza e Isabel) levando o seu tesouro⁶.

b) Coroado Henrique (Henrique II, 5 de abril de 1366), unha parte das tropas mercenarias regresa aos territorios de orixe, mais son numerosos os que permanecen en Castela, entre eles a maior parte dos bretóns e das Compañías⁷.

c) Tamén por consello de Fernando de Castro, Pedro pídelle axuda a Inglaterra, entrevistándose en Baiona de Iparralde (País Vasco “francés”) con Eduardo, príncipe de Gales e da Aquitania, fillo do rei Eduardo III. O príncipe de Gales implícase na guerra para restauralo financiando un exército que entra en Castela en 1367. Despois da súa restauración, e tras da derrota de Montiel, morre Pedro, asasinado, o 23 de marzo de 1369. Du Guesclin é nomeado por Henrique II condestable de Castela. En Francia, recomeza a guerra contra os ingleses, a Guerra dos Cen Anos⁸.

d) No contexto da guerra entre Castela e Portugal —do que o sitio de Lisboa polos casteláns é un fito—, o duque de Lancaster reclama en 1372 a coroa de Castela, pois casara con Constanza. A súa irmá Isabel fixérao co conde de Cambridge, casando, logo, as dúas fillas do destronado rei de Castela con dous fillos de Eduardo III de Inglaterra⁹.

e) Os duques de Lancaster, coas súas dúas fillas Filipa e Catarina, desembarcan na Coruña cun forte exército o 25 de xullo de 1386¹⁰. Alí, ata a fortaleza amurallada, sabedor do inminente desembarco desprázase un forte grupo de cabaleiros franceses que, ben equipados, fixeran a peregrinación a Compostela. Eles impídenlles aos ingleses entraren no recinto, aínda que o duque —antes de se ir para Compostela— pacta cos cidadáns da Coruña que se os de Santiago acataban a súa soberanía tamén eles o farían. Algúns deses cabaleiros franceses son Le Barrois des Barres, Robert e mais Jean de Braquemont, Jean de Châteaumorant, Pierre de Vilaines e Tristan de la Gaille¹¹.

f) O día da Ascensión de 1387 as tropas do duque de Lancaster chegan diante de Ourense, que ten unha gornición de mercenarios bretóns capitaneada polos bastardos de Auray e de Pennefort. A defensa de Ourense foi valente tanto por parte dos galegos como pola dos bretóns, mais ao final estes aceptan pactar a rendición da cidade sen represalia ningunha para os seus habitantes e con salvoconduto para os bretóns írense a Castela¹².

g) Cando o rei de Portugal —que casara con Filipa, filla dos duques de Lancaster— chega a Ferrol para tomalo, tamén atopa unha gornición de bretóns e de borgoñóns¹³. Mentres, Lancaster

chega diante de Noia, onde está un nutrido grupo de cabaleiros franceses, algúns deles xa atopados na Coruña¹⁴.

h) A ocupación de Galiza polo duque de Lancaster e o rei de Portugal durou só ata 1388 porque unha mortal epidemia desfixo na castelá Tierra de Campos o seu exército, salvando a Xoán I de Castela¹⁵. Finalmente, o duque asinará en 1388 un tratado con este —o tratado de Baiona¹⁶— que pon fin á guerra, pactándose o casamento de Catarina de Lancaster co príncipe herdeiro, Henrique, fillo de Xoán.

A maiores daqueles que estiveran persoalmente no noso país, os miles de cabaleiros e guerreiros, procedentes de distintas nacións, que se atopaban en Castela para apoiaren o rei Henrique II, coñeceron por forza a existencia de Galiza como protagonista do día a día, e ao seu regreso espallaron o nome dunha terra que durante algún tempo estivera en mans distintas das do rei de Castela.


Naturalmente, tampouco podemos esquecer que Galiza resultaba xa familiar para o público europeo polas peregrinacións a Compostela. Nobres e pobo, reis e eclesiásticos, eran milleiros os que viñan facendo o camiño a Compostela, con particular intensidade entre o século XI e o XIV.

Na literatura francesa atopamos mencións a Galiza xa dende a *Chanson de Roland*, no século XII. A referencia máis frecuente é “o santo que se visita en Galiza” ou “Santiago de Galiza,” presente no *Roman de Renart, fabliaux*, cancións de xesta, Rutebeuf, etc. Naturalmente, esta presenza atópase noutras literaturas europeas: limitarémonos a citar *A divina comedia*, na que Dante fai dicir a Beatriz:

*e la mia donna, piena di letizia,
mi disse: “Mira, mira, ecco il Barone
per cui laggiù si visita Galizia”¹⁷.*

Rei de Galiza, rei de Inglaterra

Cando Pedro o Cruel, destronado, acode dende A Coruña a Bordeos para pedirlle a axuda de Inglaterra ao príncipe de Gales e de Aquitania, prométtelle, na entrevista de Baiona, que se o repón no trono, ademais dun cuantioso pago económico, fará o seu fillo Eduardo rei de Galiza¹⁸. Naturalmente, a promesa non se cumprirá, pois Pedro morre.



Cuberta debuxada por Victor Hugo para *La légende des siècles*, da que forma parte *Le Petit Roi de Galice*

4. *Chroniques*, tomo 6, principalmente páxina 271 e seguintes, e mais 326 e seguintes.
5. *Chroniques*, tomo 7, p. 80 e ss.
6. *Chroniques*, tomo 7, p. 91 e ss.
7. *Chroniques*, tomo 7, p. 117 e ss.
8. *Chroniques*, tomo 7, p. 100 e ss.. 153-227, 236 e ss., e 261-73.
9. *Chroniques*, tomo 8, p. 104 e ss.
10. O exército británico, que ía en axuda de Portugal contra o rei de Castela, dirixese primeiro a Bretaña, tomando a fortaleza de Brest. De alí parte de novo, coa intención de desembarcar no Porto, mais muda o plan inicial e desembarca na Coruña. *Chroniques*, tomo 11, p. 322 e ss.
11. *Chroniques*, tomo 11, p. 339 e ss.
12. *Chroniques*, tomo 12, p. 186 e ss.
13. *Chroniques*, tomo 12, p. 205 e ss.
14. *Chroniques*, tomo 12, p. 210 e ss.
15. *Chroniques*, tomo 12, p. 308 e ss.
16. De novo a Baiona de Iparralde, non a galega.
17. Parte III (“O Paraíso”), canto XXV, vv. 16-18.
18. *Chroniques*, tomo 7, pp. 101 e 108.

A relación de Galiza con Inglaterra ten sorprendentes plasmacións nas crónicas de Froissart. Así, cando as tropas do duque de Lancaster chegan diante de Pontevedra, o seu mariscal recibe uns emisarios da cidade para pactaren as condicións da rendición. “O mariscal tiña á súa beira un inglés que entendía moi ben a lingua galega, e que lle dicía en inglés as palabras consonte llas ían expresando”

Tamén morre o príncipe de Gales en 1376, uns anos antes de seu irmán o duque de Lancaster desembarcar en Galiza.

Paga a pena lembrarmos unha anécdota que contra o final das súas crónicas, en 1400, conta Froissart cando nese ano morre o rei Ricardo II de Inglaterra:

Eu estaba na cidade de Bordeos e sentado á mesa cando o rei Ricardo, que veu ao mundo unha cuarta feira ás dez horas, naceu¹⁹. Nese momento veu o señor Richard de Pont-Cardon, daquela mariscal da Aquitania, e díxome: “Froissart, escribide e poñede na memoria que a señora princesa deu a luz un fermoso fillo que veu ao mundo o día de Reis, e é fillo de rei porque seu pai é rei de Galiza. O rei don Pedro deullo e vai seu pai conquistar o devandito reino, polo que se o rapaz provén de liñaxe real, é razón que será rei”.

O xentil cabaleiro de Pont-Cardon non mentiu, pois el foi rei de Inglaterra vinte e dous anos²⁰.

Morto o príncipe de Gales, o ducado de Aquitania volverá para o rei de Inglaterra Eduardo III, pai de Eduardo e avó de Ricardo, e ao finar o rei e sucedelo o neto, tras uns anos de coincidir en Ricardo II os dous títulos, decide este —en 1390— nomear duque de Aquitania o seu tío Xoán de Gante, que non é outro que o duque de Lancaster, aquel que durante dous anos dominara Galiza.

É conveniente lembrarmos tamén doutra información que Froissart nos transmite: cando en 1388 os duques de Lancaster asinan con Xoán de Castela o tratado de Baiona, unha das cláusulas estipula que os esposos (ela tiña quince anos e el oito) habían residir en Galiza e el ostentaría o título de Príncipe de Galiza. Curiosamente, a historiografía española mantén que o título sería o de “Príncipe de Asturias”. O repentino óbito de Xoán I obriga ao rápido coroamento

do príncipe como rei. Será Henrique III de Castela²¹.

A relación de Galiza con Inglaterra ten sorprendentes plasmacións nas crónicas de Froissart. Así, cando as tropas do duque de Lancaster chegan diante de Pontevedra, o seu mariscal recibe uns emisarios da cidade para pactaren as condicións da rendición. “O mariscal tiña á súa beira un inglés que entendía moi ben a lingua galega, e que lle dicía en inglés as palabras consonte llas ían expresando”²², dinos Froissart, quen máis adiante engade que, antes de partir, o mariscal “nomeou oficiais en nome do duque de Lancaster e nomeou capitán un galego, home de ben, que sempre estivera en Inglaterra con dona Constanza”²³.

Son varios os historiadores galegos actuais que subliñan a presenza na corte de Inglaterra de nobres galegos que xogaron un papel decisivo nos tratados con Portugal e nos sucesos deses anos. Así, Camilo Nogueira di:

Unha filla de Pedro I, Constanza, casou co duque de Lancaster, fillo do rei de Inglaterra Eduardo III; outra filla casou co duque de Cambridge, tamén fillo do rei inglés, nun proceso impulsado polos nobres galegos Fernando de Castro e Xoán Fernández Andeiro, que daría lugar á presenza posterior de netas do rei de Inglaterra nas coroas de Portugal e de Castela e Galiza, e serviría de base ás relacións históricas entre Portugal e Inglaterra. Xoán Fernández Andeiro viviu na casa dos Lancaster e dos Cambridge cando sobre 1373 tivo que abandonar Portugal polos acordos entre o rei portugués e o castelán. Máis adiante, durante as guerras con Castela, negociou de novo alianzas entre Portugal e Inglaterra²⁴.

E Anselmo López Carreira:

A liña atlantista e pro-portuguesa continuaba viva, agardando outra ocasión propicia para materializarse. Mantíñana sobre todo os nobres refuxiados

en Portugal, onde a Nuño Freire de Andrade se uniron, exiliados, Fernando Pérez de Castro e Xoán Fernández de Andeiro. Este último desenvolvía unha notable actividade entre Portugal e Inglaterra, co obxectivo de artellar unha alianza sólida entre estes dous reinos que facilitase a intervención en Galicia, prevendo o protagonismo militar inglés. As súas xestións frutificaron axiña no tratado asinado por ambas as partes en 1372, coa súa participación persoal. Nel perfilábase xa a expedición e coroación do duque de Lancaster, Xoán de Gante, á sazón casado con Constanza, filla de Pedro I, o cal lle permitía a lexítima reclamación da coroa²⁵.

Bertrand du Guesclin, un cabaleiro bretón que chegou a heroe francés

Bertrand du Guesclin é moi controvertido en Bretaña e considerado heroe nacional francés.

Nacido preto de Dinan —cara a 1320— no seo dunha familia da pequena nobreza, cóntase que debido ao seu repulsivo aspecto físico foi relegado polo seu pai, quen non quixo aprenderlle a cabalaría. O rapaz rebélase, críase entre labregos e dá mostras dun carácter rudo e disputador. Foxe da casa, e aos 17 anos triunfa anonimamente nun famoso torneo en Rennes que o fai célebre. Comeza daquela a participación de Bertrand nas guerras do seu país, Bretaña, e na Guerra dos Cen Anos, sempre apoiando a opción da monarquía francesa e como cabaleiro recoñecido. Vence en numerosas batallas fronte aos ingleses e aos inimigos de Francia e participa na guerra que enfrenta a Pedro o Cruel con Henrique²⁶, polo que, ao saír vitorioso, este noméao condestable de Castela. Tras o seu regreso, a carreira de vitorias continúa no territorio francés e o rei Carlos V noméao en 1370 condestable de Francia. De novo intervén no seu país bretón en 1378 para intentar impor a confiscación do ducado de Bretaña²⁷. Á súa morte, en 1380, o rei mándao enterrar na basílica de Saint-Denis, onde xacen os monarcas franceses.

Dous momentos da vida de Du Guesclin reterán a nosa atención en relación co *Roman de Ponthus*: o torneo de Rennes e mais a súa loita de guerrilla contra os ingleses no bosque de Paimpont.

En 1337, cando ten 17 anos, como se mencionou, celébrase en Rennes un famoso torneo para celebrar o casamento de Jeanne de Penthièvre, sobriña e herdeira do duque da Bretaña. Bertrand ten prohibido participar, mais ao renunciar un seu curmán, viste o seu equipamento. Alí vai vencendo, un a un, os seus opoñentes (quince, di a tradición) ante un público que se pregunta intrigado pola identidade daquel cabaleiro sen

brasón²⁸, que leva cuberto por un veo branco o escudo prestado, un “escudo de armas brancas”²⁹. Tócalle entón loitar co seu pai e négase. Ao final, outro cabaleiro, sen vencelo, fai saltar o seu helmo e Bertrand fica ao descuberto: o pai admírase e reconcíase con el, e o público asistente, nobres e plebeos, comeza a tecer a lenda do heroe Du Guesclin.

Máis tarde, despois de soste o candidato ao ducado de Bretaña apoiado polo monarca francés, Bertrand participa na Guerra dos Cen Anos, que enfrenta a Francia con Inglaterra. Cun grupo de cincuenta homes leva a cabo durante varios anos unha guerra de guerrillas a partir do bosque de Paimpont —o bosque artúrico—, provocando o pánico dos ingleses que o alcuman *O dogo negro da Brocelianda*. En efecto, a pel de Bertrand era anormalmente escura no país bretón: a cita repetida polos cronistas na súa descrición de cando neno afirmaba que era “negra como a dun porco bravo”.

Estes dous sucesos biográficos de Du Guesclin teñen un eco certo no *Roman de Ponthus*. Calumniado, Ponthus parte en segredo da corte de Bretaña e refúxiase no bosque de Brocelianda no que, convertido no *Cabaleiro Negro das Armas Brancas*, desafia a se enfrontaren con el cada semana, nun torneo que durará un ano, os máis valorosos e intrépidos cabaleiros de Francia. Alí vai vencendo, un após doutro, os cincuenta e dous cabaleiros, que envía sucesivamente a se

19. En 1367, logo.

20. *Chroniques*, tomo 16, p. 234.

21. *Chroniques*, tomo 13, p. 304. Xa antes, na p. 199, Froissart informa de que “o rei de Castela procuraba, por outra banda, chegar á paz co duque de Lancaster, e esforzábbase en conseguir ese casamento para o seu fillo o Príncipe de Galiza”. De novo fala do coroamento “do herdeiro mozo, o Príncipe de Galiza” no tomo 14, p. 291.

22. *Chroniques*, tomo 11, p. 415.

23. *Chroniques*, tomo 11, p. 417.

24. Camilo Nogueira (2001). *A memoria da nación. O reino de Gallaecia*. Vigo: Xerais, p. 272.

25. Anselmo López Carreira (2005). *O reino medieval de Galicia. Contribución á súa historia política*. Vigo: Edicións A Nosa Terra, p. 411.

26. Entra Duguesclin meteoricamente en Galiza acompañando a Henrique (véxase López Carreira, *op. cit.*, p. 409), do que nas crónicas de Froissart só hai unha lixeira lembranza (*Chroniques*, tomo 11, pp. 416-417).

27. Froissart recolle (*Chroniques*, tomo VIII, pp. 251-252) como Du Guesclin toma o castelo de Suscinio (o dos duques de Bretaña, que no *Roman de Ponthus* é o castelo do rei Huguel) e mata todos os que estaban dentro.

28. Robert Garnier (1953). *Du Guesclin maquisard et connétable*. Tours: Mame, p. 19 e ss.

29. Robert Garnier, *id.*, p. 22: “Un cabaleiro que desexaba, no decurso dunha xusta, conservar o anonimato, cubría cun veo branco as armas do seu escudo, que entón se denominaba *sen coñecementos*”.

constituíren prisioneiros da súa dama, a princesa Sidoine.

Regresaremos a Froissart —que seguiu de preto a traxectoria militar de Du Guesclín dedicándolle numerosísimas páxinas— para pormos de manifesto outra interesante concomitancia.

En 1390, nunha das súas viaxes, o cronista fala co cabaleiro bretón Guillaume d'Ancenis e aproveita para inquirir sobre feitos pasados. Nun determinado momento, cando Froissart pronuncia o apelido Claiequin, o seu interlocutor sorrí e explica que a forma correcta debéra ser Glay-Aquin³⁰. E conta a seguinte historia:

No tempo no que reinaba o gran Carlos de Francia —que foi tan gran conquistador e tanto aumentou a santa cristiandade e a nobre coroa de Francia, e foi emperador de Roma, rei de Francia e da Alemaña, e xace en Aix-la-Chapelle— [...] foi a España varias veces, e unha vez demorouse alí máis ca as outras. Nunha estadia demorouse nove anos, sen partir nin regresar a Francia, mais sempre a lles conquistar terras aos inimigos da fe.

Nese tempo había un moi poderoso rei sarraceno chamado Aquin, rei de Buxía e da Berbería, fronte a España e os seus arredores (porque o reino de España, despois de atravesar os Portos³¹ é portentosamente grande, pois España comprende todo o reino de Aragón, de Navarra, de Biscaia, de Portugal, de Coímbra, de Lisboa, de Sevilla, de Toledo, de Córdoba e de León; anti-gamente o gran Carlos Magno conquistou todas esas terras e reinos). Durante esa estadia de Carlos Magno, o rei Aquin de Buxía e Berbería reuniu en masa a súa xente e veu polo mar a Bretaña e chegou ao porto de Vannes. Trouxera con el a súa muller e os seus fillos e situouse coa súa xente arredor da vila, seguindo a conquistar moitas terras. Ben informado estaba o rei Carlos Magno do que acontecía na Bretaña, mais non quixo romper nin alterar a súa viaxe a España nin a súa empresa. E dicía: Deixádeo estarse en Bretaña, para nós vai ser pouca cousa liberar o país del e da súa xente despois de que teñamos ceibado as terras de aquén os montes e convertido todo para a fe cristiá.

O rei Aquin mandou facer á beira do mar, moi preto de Vannes, unha fermosa torre que chamaron Glay, e alí residía con pracer. Ao que o rei Carlos Magno deu cumprido a súa viaxe e ceibado Galiza e España (con todas as terras comprendidas nela) e matado os reis sarracenos e botado fóra os infieis e reintegrado todo o territorio á fe cristiá, regresou a Bretaña e dispuxo o seu exército para o ataque. Tivo lugar unha forte e portentosa batalla contra o rei Aquin, e foron mortos e derrotados todos os reis sarrace-

nos e as súas xentes —ou case totalmente— de xeito que o rei Aquin decidiu fuxir. Tiña o seu navío aparelado ao pé da torre de Glay e meteu dentro a súa muller e os seus fillos, mais correron tanto, a causa dos franceses que os perseguían, que o rei Aquin e a súa muller non tiveron tempo para coller un seu fillo pequeno dun ano que estaba a durmir naquela torre; botáronse ao mar e salváronse o rei, súa muller e seus fillos.

Así foi atopado na torre de Glay ese rapaciño, e foi levado a Carlos Magno, que moito se alegrou e quixo que fose bautizado. Foiño, e na pía sostíñano Roland e Olivier e púxoselle ao neno o nome de Olivier. O emperador concedulle bos herdos para gardar e gobernar, e todo o territorio que o seu pai, Aquin, conquistara na Bretaña. Cando ese rapaz chegou á idade de home foi un bo cabaleiro, sabio e valente, e a xente chamáballe Olivier de Glay-Aquin, porque fora atopado na torre de Glay e era fillo do rei infiel Aquin, que endexamais —nin el nin os seus homes— volveu ao país de Bretaña.

[...] E o señor Bertrand dicía —ao que deu botado fóra o rei don Pedro do seu reino de Castela e coroado o rei Henrique de Castela e de España— que quería ir ao reino de Buxía (só tiña que atravesar o mar) para recuperar o seu reino e o seu herdo³².

Pagou a pena a longa cita, pois tamén ao través dela vemos outra importante conexión entre Ponthus e Du Guesclín.

Como é sabido, o relato de cabalaría narra o intento de invasión das terras da cristiandade por tres fillos do sultán de Babilonia. O primeiro desembarca na Coruña e apodérase do reino de Galiza, matando o rei Tibor. Con Ponthus, o fillo do rei, sálvanse catorce nenos, fillos de nobres galegos, que dan fuxido nun barco que naufraga diante de Bretaña. O rei bretón acólleos e fainos educar por señores do país situando a cada un deles nunha casa nobre. A lenda do filliño do rei Aquin acollido por Carlos Magno e educado como un cabaleiro ten o seu equivalente na acollida de Ponthus polo rei de Bretaña. Do mesmo xeito, a invasión deste país polos sarracenos protagonizará en Ponthus a do segundo fillo do sultán de Babilonia, momento en que o príncipe galego, xa mozo valente e aguerrido, xoga un decisivo papel na defensa do seu país de acollida: Elixido unanimemente por todos os seus baróns, o rei nomeará a Ponthus condestable de Bretaña.

Naturalmente, é obrigado aquí referírmolos á historia de Carlos Magno e de Roldán cando libraron España e Galiza do dominio dos mouros, pretendidamente escrita polo bispo de

Turpín que os acompañaba. Ao ser ficticia esta autoría, coñécese como do *Pseudo-Turpín*. Pois ben, esa historia forma parte do *Liber Sancti Jacobi* ou *Códice calixtino*, inspirado por Xelmírez. Sería á volta desta encomenda, feita en persoa polo apóstolo Santiago aparecéndolle nun soño, cando o emperador liberara tamén dos mouros a Bretaña³³.

Conclusións

1. Escoller Galiza como patria do heroe do relato de cabalaría *Roman de Ponthus* é totalmente coherente, pois o noso país —xa célebre pola peregrinaxe a Compostela— formaba parte no século XIV, coa ocupación do duque de Lancaster, da actualidade política e militar europea.

2. Facer que ese protagonista pertencese á liñaxe dos reis de Galiza resulta igualmente verosímil ao seren os títulos de “Rei de Galiza” e “Príncipe de Galiza” obxecto de conversas e tratados a alto nivel nesa época.

3. Ligar Galiza e Inglaterra en Ponthus traduce unha realidade demostrada. Na ficción literaria, Ponthus abandona temporalmente Bretaña para residir —ocultando a súa identidade— na corte do rei de Inglaterra onde tece alianzas entre os reis das illas e, cando se ve obrigado a presentarse, forma un exército cos británicos para liberar o reino de Galiza dos mouros³⁴. Na realidade, a relación a través de nobres galegos, mesmo residentes na corte de Londres, estaba orientada cara á defensa de intereses conxuntos co establecemento dunha estratexia de reintegración nunha comunidade galaico-lusa.

4. Establecer no relato de Ponthus un triplio escenario e unha tripla alianza Inglaterra-Bretaña-Galiza correspóndese coa real implicación de Inglaterra na Guerra de Sucesión de Bretaña no marco da Guerra dos Cen Anos e mais co desembarco británico en Galiza.

5. Relacionar o personaxe de Ponthus e a persoa de Bertrand du Guesclin fundaméntase en suficientes afinidades como para pensarmos na evocación de contrarios. Fronte a Du Guesclin, condestable auténtico de Francia e instrumento do rei Carlos V para intentar apoderarse do ducado de Bretaña e incorporalo a Francia, Ponthus, condestable da Bretaña na ficción literaria, representa a salvagarda da independencia bretoa. Nun contrapunto branco á negrura do seu rival, Ponthus perpetúa a memoria colectiva nun esplendor recuperado non só na ficción literaria, senón tamén na vida real, pois co remate do século XIV comeza “a época máis notable da historia de Bretaña”³⁵.

Historia que tamén inclúe a Ponthus e Du Guesclin, vivos e mesturados na lenda.

No bosque de Paimpont, aínda hoxe, unha faia, a faia de Ponthus, testemuña o enfrontamento entre os dous cabaleiros no bosque de Brocelianda³⁶. Aparentemente, foi o negro o que triunfou sobre do branco: Du Guesclin arrasou o castelo de Ponthus³⁷. Mais a fermosa historia do rei de Galiza e de Bretaña, espallada por toda Europa grazas ao relato, asegurou finalmente a vitoria da beleza, o amor, a bondade, a fidelidade e o ideal cabaleiresco sobre a fealdade, a guerra, a raposaría, o mercenariado e a forza bruta.

Claro que, ao lermos os relatos de cabalaría, se cadra non deberíamos ficar nunha simplista oposición das cores puras, branco contra negro, doada de máis. Seica cando Du Guesclin se vestiu para o torneo de Rennes: non foi xa un cabaleiro? E Ponthus, non foi el tamén condestable no relato, no seu caso de Bretaña? Os idealizados cabaleiros espellos de príncipes eran tamén —na outra cara da moeda— responsables de matanzas e atrocidades guerreiras e de espoliacións ao pobo. Abonda con ler as *Crónicas de Froissart*, mesmo se a súa intención era laudatoria.

Negro e branco, en todo caso, intégranse na Historia nunha síntese superadora da contradición. Como no *Gwenn ha Du*, a bandeira nacional bretoa ■

30. *Chroniques*, tomo 12, p. 223 e ss.

31. Saint-Jean de Pied de Port.

32. *Chroniques*, tomo 12, p. 225 e ss.

33. En agradecemento pola súa fe, o apóstol Santiago intervirá decisivamente —segundo o *Pseudo-Turpín*— na salvación da alma de Carlos Magno. Un “galego sen cabeza” (Santiago decapitado) coloca na balanza pedras e madeiras que formaran parte de tantas igrexas que o emperador fixera erguer, co que logra arrebatarlles a alma aos demos que querían levala para o Inferno, e entrégalla no Ceo ao Rei supremo. (*Historia Turpini*. *Liber Sancti Jacobi*, lib. IV, cap. XXXII).

34. O exército de Ponthus segue unha ruta que lembra a do exército do duque de Lancaster (véxase a nota 10). Sae do sur de Inglaterra, vai a Bretaña e desembarca na Coruña.

35. Henri Waquet (1964). *Histoire de la Bretagne*. Colección Que sais-je?. Presses Universitaires de France, p. 60.

36. Unha lenda une nesta árbore as dúas figuras contando que a faia foi plantada por Ponthus no lugar onde estaba o seu castelo, arrasado en 1372 por Du Guesclin.

37. Outra lenda arredor da faia de Ponthus conta que, desesperado por non ter descendencia, Ponthus exclamou: “Preciso un fillo, veña do demo ou de Deus!” Aos nove meses Sidoine dá a luz un pequeno monstro peludo, fillo do demo. O vento enviado por Deus arrasa o castelo, situado no lugar onde hoxe se ergue a faia. A alusión ao físico de Du Guesclin é manifesta.